



**CERTOS POEMAS DE WISLAWA SZYMBORSKA**

**traducións a galego de Estíbaliz...Espinosa Río**

## VIETNAM

Muller, como te chamas? -Non lle sei.  
Cando naciches, de onde es? -Non sei.  
Por qué escavaches este foxo? -Non sei.  
Desde cando te agochas? -Non sei.  
Por que me trabaches no dedo corazón? -Non sei.  
Sabes que no che imos facer mal ningún? -Non sei.  
Ti de que parte estás? -Non sei.  
Estamos en guerra, tes que elixir. -Non sei.  
Existe aínda a túa aldea? -Non sei.  
Son estes os teus fillos? -Si

## CEBOLA

A cebola é outra historia.  
Non ten entrañas a cebola.  
É cebola cebola até a medula,  
até o colmo da cebolidade.  
Ceboluda por fóra,  
cebulosa no cerne,  
podería espreitarse por dentro  
sen horror, a cebola.

En nós estranxeiría e salvaxismo  
apenas cubertos pola pel,  
o inferno da medicina interna,  
anatomía violenta,  
e na cebola, cebola  
e non sinuosos intestinos.  
Reiteradamente espida  
e ata o fondo así-cuspidiña.

Ser non contradictorio a cebola,  
lograda criatura a cebola.  
Nunha, simplemente outra,  
a maior unha menor contén  
e a seguinte á seguinte,  
e así a terceira logo a cuarta.  
Fuga centrípeta.  
Eco concertado en coro.

O da cebola, así é que o entendo:  
o ventre máis belo do mundo  
envolve a si mesmo en aureolas  
para a súa gloria en si.  
En nós: graxas, nervos, veas,  
secrecións onda segredos.

E foinos denegada  
a idiotez do perfecto.

## **TORTURAS**

Non cambiou nada.  
O corpo é doente.  
Ten que comer, respirar e durmir  
ten pel finiña e debaixo, sangue  
ten boas reservas de dentes e máis de unllas  
ósos crebadizos, articulacións flexibles.  
Para as torturas todo se ten en conta.

Non cambiou nada.  
O corpo estarrece como estarrecía  
antes e despois da fundación de Roma  
no século vinte antes e despois de Cristo.  
As torturas son como eran, por mais que a terra minguase  
e todo semelle pasar a un tiro de pedra.

Non cambiou nada.  
É só que hai máis xente por metro cadrado  
canda as vellas ofensas aparecen novas  
reais, imputadas, temporais ou nulas  
mais o berro do corpo que as recibe  
foi, é e será sempre un berro de inocencia  
se o medimos coas escalas e rexistros de toda a vida.

Non cambiou nada.  
Se cadra os modais, as cerimoniais e as danzas  
porén o aceno dos brazos protexendo unha cabeza  
segue a ser o mesmo.  
O corpo retórcese, forcexa para se ceibar  
as pernas ceden, dóbranse os xeonllos  
denígrase, ínchase, babea e sangra.

Non cambiou nada.  
Agás o curso dos ríos,  
a liña dos bosques, costas, desertos e glaciares.  
Polo medio destas paraxes vaga a alma,  
esvaece, volve, achégase e afasta  
estraña de si mesma, fuxidía,  
quer segura, quer insegura de existir,  
mentres que o corpo é e é e é  
e non ten onde meterse.

## ENCONTRO INESPERADO

Somos tan corteses o un co outro outro.  
Dicimos: canto tempo, que ben verte outra vez.

Os nosos tigres beben leite.  
Os nosos falcóns prefiren ir a pe.  
Os nosos tiburóns afogan no océano.  
Os nosos lobos bocexan ante a gaiola baleira.

Tanta víbora nosa ficou sen lóstregos  
os monos sen inspiración, os pavos reais sen plumas.  
Hai xa tempo que os morcegos liscaron dos nosos cabelos.

Calamos coa frase a medio acabar  
sen sorriso que o amañe.  
Os nosos humanos  
non saben qué dicirse.

## ADOLESCENTE

Eu, adolescente?

Se de súpeto, aquí, agora, chantase ante min,  
tería que saudala como a unha persoa próxima,  
malia ser ela para min estraña e afastada?

Botar unha bágoa, bicala na fronte  
polo simple feito  
de termos a mesma data de nacemento?

Haivos tantas diferenzas entre nós  
que probablemente só os ósos son os mesmos,  
a bóveda do cranio, as concas dos ollos.

Porque xa os seus ollos son como un pouco máis grandes,  
as súas pestanas máis longas, a súa estatura maior  
e todo o corpo recuberto dunha pel  
cinguida e tersa, sen defectos.

Únennos, abofé, familiares e coñecidos  
pero case todos están vivos no seu mundo,  
e no meu practicamente ninguén  
dese círculo común.

Somos tan diferentes,  
pensamos e dicimos cousas tan distintas.

Ela sabe pouco,  
pero cunha obstinación digna de mellores causas.  
Eu sei moito máis,  
pero, en troques, sen seguridade ningunha.

Amósame uns poemas  
escritos cunha letra coidada, clara,  
que non teño xa dende hai ben tempo.

Leo e leo eses poemas.  
Seica este de aquí,  
se o acurtáramos,  
e o corrixíramos nun par de sitios.  
O resto non agoira nada bo.

A conversa non flúe.  
No seu pobre reloxo  
o tempo é barato e impreciso.  
No meu moito máis caro e exacto.

Ao despedírmonos, nada, unha especie de sorriso  
e emoción, ningunha.

Só cando desaparece  
e esquece coas présas a bufanda.

Unha bufanda de pura la virxe,  
a raias de cores,  
feita a ganchillo  
pola nosa nai para ela.

Aínda a conservo.

## **AMOR A PRIMEIRA VISTA**

Ambos están convencidos  
de que os une un sentimento repentino.  
Fermosa é tal certeza  
pero a incerteza é máis fermosa.

Coidan que, como non se coñecían de antes,  
entre eles nunca acontecera nada.  
Pero, que hai das rúas, escaleiras, corredores  
nos que puideron cruzarse hai ben tempo?

Querería preguntarlles  
se non lembran  
-se cadra nunha porta xiratoria

algunha vez, cara a cara?  
algún “desculpe” entre o xentío?  
unha voz “equivocou de número” no teléfono?-  
pero xa sei a resposta.  
Que nada, que non lembran.

Sorprenderíalles saber que  
hai xa bastante tempo  
que o azar xoga con eles.

Aínda non preparado por completo  
para se converter no seu destino  
o azar achegábaos e afastábaos  
interpúñase no camiño  
e, aguantando a risa,  
botábase a un lado.

Houbo indicios, sinais  
pero qué, se son ilexibles.  
Non voaría unha folla  
dun ombro a outro ombro  
hai tres anos  
ou mesmo o martes pasado?  
Houbo algo perdido e achado.  
Quen sabe se unha pelota  
nas silveiras da infancia.

Houbo picaportes e timbres  
nos que un tacto  
superpuxo a outro tacto.  
Maletas a carón nunha consigna.  
Houbo quizais certa noite o mesmo soño  
esvaecido no inmediato espertar.

Pois cada comezo non vos é  
máis que unha continuación  
e o libro dos acontecementos  
sempre abre pola metade.

## POSIBILIDADES

Prefiro o cine.

Prefiro os gatos.

Prefiro carballos ás beiras do Warta,

Prefiro Dickens a Dostoievsky.

Prefiro que me guste a xente  
a amar a humanidade toda.

Prefiro levar agulla e fío, non vaia ser.

Prefiro a cor verde.

Prefiro non afirmar  
que a razón ten a culpa de todo.

Prefiro as excepcións.

Prefiro marchar antes.

Prefiro falar cos médicos de calquera outra cousa.

Prefiro as vellas ilustracións a raías.

Prefiro o absurdo de escribir poemas  
ao absurdo de non escribilos.

Prefiro, no amor, os aniversarios inexactos  
para poder celebralos cada día.

Prefiro os moralistas  
que nada me prometen.

Prefiro a bondade astuta á crédula de máis.

Prefiro a terra vestida de civil.

Prefiro os países conquistados aos conquistadores.

Prefiro ter as miñas reservas.

Prefiro o inferno do caos ao inferno da orde.

Prefiro os contos de fadas dos Grimm as primeiras planas dos xornais.

Prefiro as follas sen flores ás flores sen follas.

Prefiro os cans coa cola sen cortar.

Prefiro os ollos claros, xa que os teño escuros.

Prefiro as gabetas.

Prefiro moita cousa non mencionada aquí  
a moita outra que tampouco menciono.

Prefiro o cero soíño  
aos que fan cola nunha cifra.

Prefiro o tempo dos insectos ao das estrelas.

Prefiro tocar madeira.

Prefiro non preguntar canto tempo aínda e cando.

Prefiro ter en conta mesmo a posibilidade  
de que o ser ten a súa razón de ser.

## FILLAS DA ÉPOCA

Somos fillas da nosa época  
e a nosa época é política.

Todas as túas, nosas, vosas  
cuestións diúrnas, cuestións nocturnas  
son cuestións políticas.

Quéiralo ou non os teus xenes teñen pasado político,  
a pel, un matiz político  
os ollos, un aquel político.

Canto dis ten unha resonancia  
canto calas ten unha elocuencia  
por haches ou por bes, política.

Mesmo camiñando por selvas e devesas  
dás pasos políticos en terreo político.

Os poemas apolíticos resulta que tamén son políticos,  
e aló arriba resplandece a lúa,  
un obxecto non só lunar.  
Ser ou non ser, velaí a cuestión.  
Que cuestión, a ver dime, meu amor:  
unha cuestión política.

Nin sequera precisas ser humano  
para adquirires relevancia política.  
Con que sexas petróleo ben chega,  
ou forraxe ou materia reciclada.

Ou incluso unha mesa de debates,  
sobre cuxa forma pásanse meses a discutir:  
en cal deliberamos sobre a vida e a morte,  
na redonda ou na cadrada?

Mentres tanto morreu xente,  
animais estiraron a pata  
arderón casas e quedaron campos a monte  
igualiño que en épocas remotas  
e menos políticas.

## A MAN

Vinteseite ósos  
trinta e cinco músculos  
unhas dúas mil células nerviosas en cada xema de cada un dos cinco dedos.  
Máis que abondo para escribir *Mein Kampf*



ou *Winnie the Pooh*.

Traducción a través de inglés e castelán de E...E





